

Heroes e heroínas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Roldán e as costureiras de Puxares

Foto: M^a Carmen Carril Braga

Dos Doce Pares de Francia, Roldán foi un dos máis sonados paladíns enviados a Galicia por Carlomagno para axudarlle ao apóstolo Santiago a liberala dos mouros; por veces chamáselle don Roldán e ata San Roldán noutros casos, e pode ocupar, segundo que versións leamos desta lenda, o papel de vilán ou o do heroe.

En Puxares, parroquia de Vilanuide, concello de Quiroga (Lugo), vivían tres costureiras moi ben feitas nun outeiro apartado do resto do lugar. Cadrou que pasou Roldán polo lugar e viunas, e desde entón non houbo día que non as fose visitar.

As tres mozas comezaron a aborrecer aquelas visitas, non confiaban nas boas intencións do cabaleiro pero cando Roldán lles propuxo levalas canda el para Francia, respondéronlle que non. Roldán seguía porfiando, e elas dicíndolle que non querían ir para Francia nin para outro lado. Pero Roldán, anoxado pola negativa, mesmo as ameazou con levalas pola forza. Entón as tres mozas, non vendo a maneira de convencelo, dixéronlle un imposible:

Temos de ir contigo ás Francias

cando veña o río Xares
por diante da nosa casa.

Pasou a noite, e ninguén sabe como foi, o caso é que o río Xares, que máis abaixo se chama Bibeí, cambiou o curso. E, pola mañanciña do día seguinte, os veciños chegaron á porta das tres costureiras dicindo:

Costureiras de Puxares,

vinde lavar as perniñas
ás augas do río Xares.

As tres mozas saíron da casa e palideceron; o río Xares pasaba bicando a porta do lugar de Puxares.

As tres costureiras, por medo a ter que cumprir con Roldán, fuxiron camiño de Valdeorras. Roldán sóuboo por

boca dos seus soldados, montou no seu cabalo branco e perseguiunas. Cruzaron terras e montes por onde agora se chama A Rúa ata chegaren a Valencia do Sil, mesmo á beira do río que lle dá nome a este lugar.

As tres mozas, non se sabe a arte que usaron, cruzaron o río para o outro lado. Roldán viunas desde lonxe, aínda estaba a moita distancia delas; entón picou as esporas do seu roán e dun chimpo pasou a outro lado do río. Para quen queira velas, andan por alí as pegadas das ferraduras do cabalo.

Entón foi cando as costureiras, as tres a unha, pediron a axuda do demo:

□Antes pedras de seixo ca escravas de Roldán.

E o demo atendeu a súa petición eolveunas, diante os fociños de Roldán, pedras; tres brancas pedras coma tres cabezos, brancas coma o cuarzo ou coma o cabalo do cabaleiro Roldán.

E esas tres pedras aínda hoxe se poden ver, no Coto do Castelo de Valencia do Sil, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense), luídas pola chuvia e polo vento, pero albíscase na súa feitura a que debeu ser a beleza e a fermosura das mozas de Puxares antes de coñecer a Roldán.

© Galicia Encantada



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

CONTOS POPULARES DA PROVINCIA DE LUGO, Centro de Estudios Fingoi, Galaxia, Vigo, 1963, nº 299, pp. 349-352.

Bibliografía:

BLANCO, Domingo, Escolma da literatura popular galega, (Historia da literatura galega, 8), Vigo, A Nosa Terra, 1996, pp. 272-274.

BOUZA-BREY, Fermín, «Fortuna de las canciones de gesta y del héroe Roldán en el románico compostelano y en la tradición gallega», Compostellanum, vol. X, nº 4, Santiago, 1965.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro, Las leyendas tradicionales gallegas, Espasa-Calpe, Madrid, 1983, pp. 123-125.

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Carlomagno, Doce Pares de Francia, Roldán], Xerais, Vigo, 1999.

GARCÍA DE DIEGO, Vicente, Leyendas de España, Círculo de lectores, Barcelona, 1999, p. 504.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel, Galicia de lenda, Hércules, A Coruña, 2001, pp. 347-348.

SOTO ARIAS, M^a Rosario, «Da presenza de Roldán en Galicia», *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, Universidade da Coruña, 1996, tomo II, pp. 1023-1030.

VAQUEIRO, Vitor, *Guía da Galiza máxica*, Galaxia, Vigo, 1998, pp. 426-428.